

# A proxección de China sobre Asia Central

*Marcelo Javier de los Reyes*

## O devir do espazo euroasiático desde finais do século XX

---

Na actualidade, a rexión de Asia Central adoita ser comprendida no que algúns analistas consideran como o “espazo postsoviético”, aínda que nos últimos anos sufriu fortes cambios e diferentes gobernos, incluso de fóra da rexión, operan coa intención de atraela cara á súa esfera de influencia.

Durante a era soviética, en termos políticos e económicos, ese espazo mantivo o seu natural illamento con respecto de Occidente, debido a que a súa vida cotiá estaba orientada cara a Moscova. A dicir verdade, tamén de Oriente e de Asia Meridional, pois todo fluía a través de Moscova, sobre todo logo da ruptura con China e dos enfrontamentos armados de 1969. Con todo, cara aos anos oitenta a situación cambiou pois o Kremlin xa non dispuña de recursos para atender a rexión. Máis tarde, a derrota dos soviéticos en 1989 -trala ocupación de Afganistán en apoio ao réxime filosoviético de Kabul- e a posterior desaparición da Unión Soviética en decembro de 1991, significou para outras potencias unha posta en valor das rexións do Cáucaso e de Asia Central.

Os feitos precipitáronse a partir dos atentados do 11 de setembro de 2001 (11-S) cando o goberno do presidente George W. Bush tomou a determinación de invadir Afganistán, pondo en evidencia unha serie de intereses entrecruzados polo control dos recursos enerxéticos así como polo dominio dos territorios a través dos cales atravesarían os diversos dutos de exportación de hidrocarburos. Dese modo, os Estados Unidos puxeron pé na rexión seguindo as concepcións xeopolíticas de Halford Mackinder (1861-1947) -quen, en 1904, argumentou que quen controlase o “*Hearthland*” controlaría Europa e o mundo- e do conselleiro de Seguridade Nacional do presidente Jimmy Carter, Zbigniew Brzezinski (1928- ).

Na década dos noventa, Rusia atopábase mergullada nunha enorme crise económica e social que lle impediu tomar as medidas conducentes para imposibilitar a intromisión dos Estados Unidos no que, anteriormente, era a súa zona de influencia euroasiática. A partir dese momento, os Estados Unidos emprenderon unha marcha cara ao Oriente, erosionando a influencia rusa. No Medio Oriente, entre 1990 e 1991, levaron a cabo a primeira guerra do Golfo contra o seu ex aliado Saddam Hussein, principalmente na guerra contra o Irán dos aiatolás. Cara ao fin desa década, en 1999, declaráronlle a guerra a Iugoslavia, pondo fin a esa federación e contribuíndo a incentivar o islamismo integrista en Europa, para o que non escatimaron esforzos por favorecer a acción de Al-Qaida na península balcánica, como o fixeron en Afganistán. Esta colaboración levou á emerxencia de Cósova, unha entidade islámica que